

CO₂RUÑA



NÚMERO 10

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**
CONCELLO DA CORUÑA

A EDUCACIÓN AMBIENTAL CONTINUOU NO VERÁN CO PROGRAMA EN PRAIAS

Xogos, paneis para facer fotografías e unha pequena exposición foron as principais actividades que este ano se levaron a cabo no areal de Riazor

Este verán, o equipo de educación ambiental contou cunha caseta situada á beira da dos servizos de socorrismo en Riazor. Ao redor da instalación, de uso exclusivo para as necesidades do programa municipal de educación ambiental, os educadores/as compartiron con maiores e pequenos as claves da concienciación en torno ao uso sustentable dos recursos do mar e do litoral. As actividades resultaron un éxito de participación e foron totalmente gratuítas. Desenvolvéronse dun modo lúdico e divertido, tal e como pedía un verán tan asollado como o que este ano gozamos os coruñeses. Ás actividades xa ofertadas en anos precedentes, este verán sumouse a exposición titulada “Praia viva, praia morta”. Na mesma mostráronse elementos naturais dos areais e outros que, desgraciadamente, chegan ás praias por un uso indebido: residuos de tipo domiciliario, os procedentes de sentinazos de embarcacións, aparellos de pesca, materiais de construción, etc. A mostra concitou moito interese entre as persoas que ao achegarse a gozar dun día de sol e praia, detíñanse a ler e observar o exhibido.



AS VISITAS DESTINADAS A DIFERENTES COLECTIVOS NON SE DETEÑEN TAMPOUCO NOS MESES ESTIVAIS

As visitas a distintos lugares de interese ambiental do municipio englobanse dentro da programación de educación ambiental do Concello. Están destinadas a calquera grupo de idade ou colectivo.

Terminado o curso escolar, moitas persoas atopan nestas datas días máis liberados para acudir a algún dos lugares ofertados no programa. Outros, como o Centro de Menores, converteron estas xornadas nun clásico da súa “escola de verán”. Por exemplo, con eles visitamos o “Centro de acollida e adopción de animais” onde tivemos a oportunidade de insistir nos conceptos crave desta visita: a tenencia responsable, a universalización do microchip como un elemento máis de control e responsabilidade sobre as mascotas e o control reprodutivo das femias.

Como sempre, os asistentes tiveron a oportunidade de visitar recintos onde están os cans e comprobar de primeira man a docilidade da maioría ou as prevencións que a xerencia toma con aqueles cans potencialmente perigosos ou con antecedentes por pelexas ou agresións. Esta parte é sempre a máis atractiva en todas as visitas, calquera que sexa a natureza do grupo.

Outros grupos aproveitaron o verán para coñecer un pouco máis do entorno de Punta Herminia e os valores ambientais que atesoura. Outros grupos, como algúns de estudantes universitarios, coñeceron nos seus cursos estivais a instalación de Nostián (Planta de tratamento de residuos), como complemento á súa formación académica.



OS MAIORES SÚMANSE Á RECICLAXE

Toda a cidadanía conta na incansable tarefa de ser diariamente máis e máis respectuosos co medio ambiente. Con todo, nas planificacións case sempre destínase maior esforzo aos nenos e nenas, adolescentes e xente nova. Considérase que son o futuro e polo tanto merecedores da esperanza nun cambio positivo. Este brinde polo futuro descoida case sempre o presente, que soe estar marcado polos adultos. Dentro dos maiores de idade, o colectivo dos que terminaron a súa vida laboral e contan con moitas horas libres no día é moi relevante.

Por esta razón o programa de educación ambiental comezou un traballo destinado a estes grupos, cun ensaio xeral moi exitoso cos maiores do Centro Cívico Novoboandanza e algúns do Centro Atendo.

De acordo cos asistentes sociais que se ocupan destes centros, este verán incluíronse na súa programación charlas, talleres e unha saída. Os residuos, a reutilización de materiais e unha ruta urbana para ver aves nunha estupenda mañá, protagonizaron as accións desenvolvidas. É de destacar que as interesadas foron unha gran maioría fronte a eles, o que, segundo o equipo responsable dos centros, parece ser unha norma que non se rompeu cos programas educativos ambientais.

Estas actividades foron o comezo do que esperamos que sexa unha prolífica relación que se estenda a outros centros con usuarias destas mesmas necesidades e intereses. Desde este breve artigo animamos a todas as interesadas e interesados a que soliciten diferentes visitas para estes colectivos, que desde o programa municipal atenderemos con gran satisfacción.



SON AS BICIS SÓ PARA O VERÁN?


Durante os días de sol e bo tempo destes meses, cidadáns e cidadás da Coruña e visitantes teñen oportunidade de percorrer case todo o litoral da cidade nun dos transportes máis ecolóxicos e sans que existen: a bicicleta.

O Concello da Coruña pon a disposición de todos os usuarios e usuarias o servizo de aluguer de bicicletas "BICICORUÑA", destinado para persoas a partir dos 14 anos que dispoñan do cartón Millenium. Os menores de idade deben, simplemente, achegar unha autorización familiar.

Pero o noso uso da bicicleta non se debe limitar ás datas estivais. O exemplo para seguir son outros países que con clima moito máis inclemente que o noso enchen as súas rúas de ciclistas urbanos durante todo o ano. As cidades centroeuropeas e escandinavas son impensables sen a escena da súa cidadanía pedaleando cara ao seu traballo ou lecer diariamente. Esta cultura imprégna-se nos pequenos e pequenas, que non conciben outro modo de desprazarse que non sexa mediante o pedaleo de cada día.

As bicicletas na nosa cidade están dispoñibles en 19 estacións de recollida e devolución repartidas por toda a cidade.

Utilizar este servizo é moi sinxelo. Basta con rexistrarse inicialmente a través desta web:
<http://www.bicicoruna.es/register.aspx>



AS BICICLETAS
SON PARA
O VERÁN
(E O OUTONO,
A PRIMAVERA
E O INVERNO)



Tamén é posible facelo de forma xa directa nas instalacións de BICICORUÑA na Casa da auga (Rúa Manuel Murguía s/nº. Edificio Casa da auga, 1ª planta. 15011. A Coruña), de luns a venres de 08:30 a 13:30 horas, ou consultar información no teléfono gratuito 900 814440.

As normas de uso son as seguintes:
<http://www.bicicoruna.es/normas.aspx>



Existen na nosa cidade 22 puntos de préstamo automático de bicicletas:

- Aquarium (As Lagoas)
- Campo de Marte (Campo de Marte)
- Casa da Agua (Casa da Agua)
- Castros (Mirador dos Castros)
- Conchiñas (Praza das Conchiñas)
- Estación de Autobuses (Estación de Autobuses)
- Estación de tren (Ronda de Outeiro)
- Los Rosales (Rosales-Manuel Azaña)
- Matogrande (Rúa Enrique Mariñas)
- Milenimum (Milenium)
- Monelos (Avd. Salvador de Madariaga)
- Obelisco (Cantón-Méndez Núñez)
- Paseo das Pontes (Paseo Pontes)
- Porta Real (Dársena Coruña)
- Porto (Palexco)
- Praza de España (Plaza de España)
- Praza de Pontevedra (Praza de Pontevedra)
- Praza de Vigo (Praza de Vigo)
- Sagrada Familia (Sagrada Familia)
- Sol (Pedro Barrié de la Maza,12)
- Tabacos (Tabacos)
- Torre de Hércules (Paseo Marítimo)



DE FESTAS NO BARRIO!

O mes de agosto é o máis festivo en todo o territorio galego. Por todos os pobos da xeografía sucédense as patroas e patróns, as invitacións da veciñanza, as verbenas e o bo humor que traen os días de descanso.

Xa sexa pola chegada de veciños de multitude de pobos de Galicia de xeito espontáneo ou por vinculacións a tradicións pesqueiras ou doutro tipo, as festas nos nosos barrios urbanos son tradicionalmente un gran evento e cada un ten as súas singularidades.

Neste verán recibiron actividades relacionadas coa educación e o medio ambiente os barrios de *Oza-Gaiteira-Os Castros, Castrillón, Monelos, Barrio das Flores, Sagrada Familia, Eirís, Pedralonga e Novo Mesoiro.*

En cada barrio desenvolvéronse dous actividades diferentes nos días correspondentes á celebración da súa festa.

Fixemos bolsas moi orixinais a partir de camisetas vellas e convertémonos en auténticas artesás cesteiras. Tamén iniciámonos nun método de cultivo moi sinxelo e proveitoso, as “bolas de sementes”, ideado polo agricultor xaponés Masanobu Fukuoka. As aves tamén foron protagonistas nestas festas. Os participantes nas rutas de observación descubriron as especies máis comúns que conviven con nos así como os lugares máis interesantes para gozar de ratos de lecer observando aves.

O uso eficiente da enerxía e o seu uso de forma eficiente tamén estiveron presentes nestas festas. Aprendemos como aproveitar a enerxía do sol de forma moi sinxela e construímos a nosa propia cociña solar.

As actividades foron un éxito entre o público máis novo, pero tamén se animaron a participar moitos adultos aprendendo cousas novas e axudando aos máis pequenos.



O VINDEIRO OUTONO:

Programas educativos para os centros escolares

Nestas datas estase a lanzar o programa educativo que acode ás aulas dos escolares da cidade. Aínda que o programa de educación ambiental está vixente todo o ano, é agora cando a maquinaria actívase con novas forzas. Ao comezar as clases nos colexios nótase tamén un despegue da actividade en todos os membros da familia, que co regreso das rutinas parecen espertar a un "novo ano".

Na web municipal sempre podeades consultar todas as posibilidades.

CORUÑA EDUCA 2016-2017



ENERXÍA E CAMBIO
CLIMÁTICO

O AIRE QUE
NOS RODEA

ANELAMENTO
CIENTÍFICO DE AVES

FAUNA URBANA DE
AQUÍ E DE ALÁ

RESIDUOS URBANOS
NA CORUÑA

A RUTA DA AUGA
NA CORUÑA

VEXO, VEXO
"BIODIVERSIDADE
NA CORUÑA"

Día das Aves

Convivimos coas aves e, con todo, son descoñecidas para moitas persoas. É por iso que en cada edición do Día das Aves, o seu fascinante mundo aproxímase un pouco máis á cidadanía. Trátase dun evento participativo organizado polo Concello e que en España coordina SEO/BirdLife, a maior organización de observadores afeccionados e profesionais da Península Ibérica.

Máis do 50% da poboación mundial vive en cidades afastada da natureza, polo que é necesario potenciar as posibilidades de integrala na vida urbana. Son numerosas as vantaxes, desde amortecer a temperatura a limpar o aire e contribuír a fixar o CO₂. Pero, ademais, numerosos estudos científicos demostraron que un maior contacto coa biodiversidade contribúe a mellorar a saúde dos habitantes das cidades.

Como noutras edicións, esta celebración recae no primeiro fin de semana de outubro. Desde o concello da Coruña, programaranse, durante a semana seguinte, diferentes actividades gratuítas e destinadas a tódolos públicos:

- Observación de aves en catro emprazamentos da nosa cidade. As saídas, guiadas por ornitólogos expertos, consistirán nun percorrido dunha hora en catro zonas na cidade. Nos mesmos identificaranse as especies de aves vistas no paseo e conversarase cos interesados acerca da problemática da conservación destas especies e do modo de favorecelas.
- Charla: Onde ver aves en Galicia



CELEBRACIÓN DO DÍA DAS AVES 2016

Infórmate de datas e horarios na web de educación ambiental do concello, na sección de celebración de días sinalados:



Comedeiros

Logo dun verán de carreiras dun lado para outro, intentando capturar o maior número de insectos para cebar á súa prole, as aves enfróntanse a dúas estacións complicadas: o outono e o inverno. Moitas necesitan xuntar forzas nestas datas finais do estío para iniciar a súa viaxe migratoria cara ao sur, pero tamén un bo número van chegar do norte para pasar o frío nos países meridionais de Europa. Por iso propoñémosche que lles botes unha man construindo un comedeiro para que o recurso indispensable da alimentación sexa máis fácil de obter para elas. Verás na lámina de abaixo un sinxelo esbozo dun comedeiro de aves convencional. Seguro que podes construílo sen demasiado esforzo e, moito mellor, se o fas en familia. Ademais da súa realización (e igual de importante!) é atender a estas circunstancias que moi brevemente describimos a continuación. Non te despistes disto, é fundamental!

1) Ollo cos predadores! Os gatos chegan a todos lados. Son criaturas extraordinariamente sibilosas e encántanlles as pequenas aves. De feito son en Europa a primeira ameaza de predación para as aves silvestres. Por esa razón, asegúrate de que na túa terraza, no balcón ou si elixes un espazo público, pos todas as dificultades para que non poidan axexar e cazar ás aves que se achegan a comer. Se non facemos isto ben, máis que unha axuda estarémoslles tendendo unha trampa.

2. Asegúrate de que o comedeiro ten sempre comida. É dicir, cando as aves afanse á túa contribución para a súa alimentación, o deixarlles sen ese aporte suplementario pode xerarlles severos problemas. Polo tanto, é importante ser perseverante. Si decides facelo, has de cebalo sempre. É moi pouco traballo. Non fai falta que estea sempre completamente cheo, pero recorda que elas o agradecerán e esperarán ansiosas a túa contribución

3. O alimento: en tendas de mascotas podes atopar unha chea de preparados para canarios, periquitos, etc. que tamén lles encantan ás nosas aves dos xardíns. Se en lugar disto prefires elaboralo ti mesmo, en internet podes atopar auténticas receitas gourmet para deleitar os seus padales. Incluirán distintos tipos de sementes, sebos alimentarios, etc.





**CORUÑA
VIVA**

CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

